

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a fundación Fondation Amigo para o acceso do alumnado de formación profesional de grao medio de atención a persoas en situación de dependencia do CIFP Compostela ao programa Becas Amigo.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, DECLARA:

Que este Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou coa fundación Fondation Amigo o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a fundación Fondation Amigo para a participación no programa Bolsas Amigo desta fundación do alumnado de segundo curso do ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia en réxime ordinario que curse a modalidade dual no CIFP Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 39, establece que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe os ensinos propios da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.





2. Na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3. Na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no seu artigo 6, establece entre os obxectivos do sistema de formación profesional o impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo nun marco de colaboración público-privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e terceiro sector, para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns.

4. Na disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores crave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, a fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5. No devandito contexto e tendo en conta a conxuntura económica actual, unha das garantías para obter unha inserción laboral con éxito é posuír unha preparación que se axeite ás necesidades do tecido empresarial.

6. No Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as bases da formación profesional dual, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a empresa colaboradora. O



alumnado participante será beneficiario de bolsas e non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato de formación para a obtención da práctica profesional ou contrato de formación en alternancia, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7. A fundación Fondation Amigo, que colabora en España con diferentes entidades de axuda a colectivos desfavorecidos e de reinserción de persoas en risco de exclusión social, como Cruz Vermella, ten entre outros obxectos sociais o financiamento na Península Ibérica de proxectos educativos como a atribución de bolsas de formación.

8. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten establecido un protocolo de colaboración coa Fundación Empresa-Universidade (FEUGA), e coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC), en diante entidades xestoras de programas de bolsas de FP Dual, para a colaboración no desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

9. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a fundación Fondation Amigo están dispostas a colaborar para o desenvolvemento do programa Bolsas Amigo nos termos establecidos no presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional

